XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 30 DE MARZO DE 2026, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Decreto polo que se aproba o Nomenclátor de Galicia.

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o conxunto de adegas cova de Seadur, Larouco (Ourense).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se aproba o Catálogo de bens de valor cultural no litoral de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Galega de Dano Cerebral, para o financiamento de programas dirixidos a persoas con dano cerebral adquirido e do mantemento da Federación e das entidades federadas para o exercicio 2026. Importe: douscentos trinta e nove mil cento oitenta e sete euros (239.187,00 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Saúde Mental "A Mariña", para o mantemento dunha vivenda tutelada para mulleres con enfermidade mental que sofren violencia de xénero. Importe: cento sesenta e sete mil euros (167.000,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a superar o límite no pagamento anticipado e a eximir da constitución de garantías nos pagamentos anticipados derivados da Resolución pola que se dá publicidade do acordo do Consello de Dirección do Igape que aproba as bases reguladoras das axudas ao investimento para infraestruturas locais (Programa infraestruturas colaborativas de apoio industrial), cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para os anos 2026, 2027, 2028 e 2029 en réxime de concorrencia competitiva, por un importe total de dez millóns de euros (10.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba o Plan de medidas anticrise para paliar os efectos da guerra no Oriente Medio

- Acordo polo que se autoriza a celebración dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), e a Comunidade de Madrid, a través da Consellería de Medio Ambiente, Agricultura e Interior e a Axencia para a Administración Dixital de Madrid, para a cesión á Comunidade de Madrid do Sistema informático "Oficina virtual de gandaría" (Ovgan) e dos módulos complementarios do sistema Xesgan relacionados coa súa funcionalidade (Sigan, Regan, Mogan, e Ingan).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado da "Senda entre Alende – A Espedreguera, estrada PO-221 (Moraña)", cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de trescentos sesenta e seis mil douscentos cincuenta e tres euros con setenta e cinco céntimos (366.253,75 €).

- Acordo polo que se autoriza ao Instituto Galego da Vivenda e Solo á licitación das obras de construción de dous edificios para 73 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos nas parcelas M-IIIB-7 e M-IIIB-8 do Plan parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra), cun presuposto de licitación de quince millóns setecentos vinte e un mil cincocentos sesenta e cinco euros con dez céntimos (15.721.565,10 €), IVE incluído, e un valor estimado de catorce millóns douscentos noventa e dous mil trescentos trinta e un euros con noventa e un céntimos (14.292.331,91 €), IVE excluído.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón a Resolución pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de axudas para a adquisición de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2026, cun importe de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).

- Acordo polo que se toma razón do acordo de aprobación inicial do proxecto de interese autonómico para a creación de solo destinado maioritariamente á construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública na Coruña (SUD 4 Monte Mero).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva, mediante acordo marco cun único empresario, de camas e mesas de noite de hospitalización e camas de unidades de críticos con destino a hospitais do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de once millóns cincocentos cincuenta e un mil cento cincuenta e tres euros (11.551.153,00 €) sen IVE.

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Fundación Josep Carreras para a loita contra a leucemia, por un importe dun millón oitenta e cinco mil euros (1.085.000,00 €).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación "As Burgas para o Tratamento e Rehabilitación do Enfermo Alcohólico" para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de douscentos trinta mil trescentos trinta e seis euros (230.336,00 €).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Viguesa de Alcoholoxía "Asvidal" para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de douscentos sesenta mil dez euros (260.010,00 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de cento corenta e sete mil cincocentos catro euros (147.504,00 €).

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Unidade de Tratamento do Alcol e Condutas Adictivas "UTACA" para o desenvolvemento da asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e trastornos adictivos, por importe de douscentos cincuenta e tres mil novecentos noventa e tres euros (253.993,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a Axencia de Turismo de Galicia e a Fundación Manolo Paz Arte Contemporáneo para realizar a exposición "A distancia que nos une" en Nova York, por un importe total de douscentos cincuenta e cinco mil trescentos noventa e catro euros con trinta e cinco céntimos (255.394,35 €), así como autorizar a exención da obriga de constituír garantía para os pagamentos anticipados e á conta.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a eximir de garantías e a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a centros especiais de emprego co fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade e se procede á súa convocatoria para o ano 2026, por un importe total de vinte sete millóns corenta mil euros (27.040.000,00 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre a licitación da execución da sinalización do Camiño do Litoral de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a próxima licitación do contrato de reforzo de firme nas estradas PO-010, PO-330, PO-323, PO-324, PO-325, PO-371 e PO-403, nos concellos de Vigo, Redondela, Nigrán e Salvaterra do Miño, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de tres millóns catrocentos trinta e cinco mil novecentos oitenta e oito euros con noventa e cinco céntimos (3.435.988,95 €).

- Informe sobre a próxima licitación do contrato de reforzo de firme na estrada PO-533, nos Concellos de Lalín, Dozón e Rodeiro, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, de tres millóns seiscentos vinte e tres mil trescentos dezaseis euros con corenta e tres céntimos (3.623.316,43 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Programa galego para a detección precoz do cancro de colon.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a convocatoria dos programas de Conecta con Galicia no Camiño e Conecta co Voluntariado en Galicia para a mocidade galega residente no exterior para o ano 2026.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a repartición de fondos do mecanismo de boa execución do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC).

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da declaración de emerxencia para a contratación, por Portos de Galicia, da "Obra de abrigo en Barallobre (porto de Maniños-Barallobre)", por un importe inicial estimado de setecentos trinta e cinco mil trescentos vinte e dous euros con noventa e seis céntimos (735.322,96 €), IVE excluído.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O NOMENCLÁTOR DE GALICIA 2026 COA MODIFICACIÓN DE 2.531 DENOMINACIÓNS DE CONCELLOS, PARROQUIAS E LUGARES

- Rueda salienta que con esta actualización, na que se analizaron 4.398 topónimos, prodúcense cambios na denominación de 14 municipios
- Resalta que o Goberno autonómico cumpre coa súa responsabilidade na salvagarda da identidade galega a través do mantemento e recuperación dos nomes históricos dos lugares que existen en Galicia
- Ratifícase así a proposta presentada no mes de xullo no pleno da Comisión de Toponimia, tras a revisión do último documento de 2003
- Incorpóranse 1.655 novos rexistros con respecto ao último documento, acadando un total de 42.909
- O estudo, realizado polo Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, baséase na etimoloxía, na documentación histórica, no uso oral e escrito e na tradición gráfica

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou esta mañá de que o Consello aprobou o novo Nomenclátor de Galicia 2026, que "supón a modificación de 2.530 denominacións de concellos, parroquias e lugares". Deste xeito, ratifícase a proposta presentada no mes de xullo no pleno da Comisión de Toponimia, o órgano asesor composto polo Goberno galego, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega e institucións como o Instituto Padre Sarmiento ou a Universidade de Santiago de Compostela.

Tal e como explicou o presidente, trátanse duns cambios que chegan despois dun "exhaustivo traballo" do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega para revisar e actualizar o Nomenclátor de Galicia, elaborado en 2003.

En concreto, tras o estudo de 4.398 topónimos, decidiuse modificar os nomes oficiais de 2.335 lugares, 182 parroquias e 14 concellos. No caso dos municipios pasarán a rexistrarse da seguinte maneira: A Caniza, A Ribeira de Piquín, Alfoz do Castrodouro, Cangas de Morrazo, Cerdedo Cotobade, Mondariz Balneario, O Campo Lameiro, O Castro de Caldelas, O Porto do Son, O Riós, Oza Cesuras e Pastoriza. Todos os topónimos poderán consultarse no Portal da Lingua, no da Real Academia galega e en Toponimia de Galicia.

O presidente salientou que a análise feita pola Comisión de Toponimia tamén permitiu incorporar 1.655 novos nomes con respecto ao último documento elaborado en 2003, acadando así un total de 42.909 rexistros. Para realizar este traballo partiuse da base de datos do Nomenclátor de Galicia oficial de 2003 e cruzouse coa base de datos toponímica do Instituto Nacional de Estatística, coñecido como NomenINE. Durante o proceso, revisáronse tanto cuestións lingüísticas, chegando a estudar 4.398 topónimos,

como xeográfico-administrativas, referidas a problemas de localización ou categorización poboacional, con 13.788 revisións.

Rueda destacou que, con esta actualización, o Goberno autonómico cumpre coa súa responsabilidade na "salvagarda da nosa identidade a través do mantemento e recuperación dos nomes históricos dos lugares que existen en Galicia", recuperando as formas que foron substituídas ao longo do tempo por outras formas "alleas á lingua galega". Neste senso, os criterios a seguir baseáronse na etimoloxía, na documentación histórica, na tradición gráfica consolidada nos últimos dous séculos e no uso oral e escrito que fai a veciñanza do topónimo. Tamén se tivo en conta o respecto pola forma dialectal de cada lugar e, ademais, tratouse de emendar os erros detectados fundamentalmente no relacionado co uso dos artigos.

O documento chega ao Consello da Xunta tras concluír o proceso informativo, desenvolvido por unha comisión técnica nos concellos implicados, sobre as motivacións das modificacións na súa toponimia. Ademais, todos os anos estase a desenvolver un programa divulgativo en municipios, colexios, asociacións culturais e distintos centros sobre o valor cultural da toponimia e a necesidade de colaborar na súa recolleita para salvagardar a denominación dos lugares como parte fundamental da identidade galega.

Ao respecto, cómpre destacar que a implicación cidadá permitiu xeorreferenciar ata o de agora preto de 106.000 microtopónimos a través de Galicia Nomeada, a plataforma colaborativa que facilita a través dunha aplicación, tanto de maneira particular como colectiva, a achega de nomes de lugares, recollendo así a tradición oral asociada á toponimia. Neste momento temos á disposición da cidadanía un total de 545.724 topónimos galegos neste visor.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O CONXUNTO DE COVAS E ADEGAS DE SEADUR, LOCALIZADO NO CONCELLO OURENSÁN DE LAROUCO

- O Consello dá o visto e prace a este recoñecemento polo seu valor etnolóxico, relacionado coa cultura do viño, e por ser reflexo da cultura e das formas de vida do pobo galego ao longo da historia
- Conta con informes favorables do Consello da Cultura Galega e o Museo do Pobo Galego que lle dan categoría de elemento representativo sobranceiro
- A declaración farase oficial nos vindeiros días coa súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, co que se elevarán a 795 os BIC existentes na Comunidade

A Xunta declara Ben de Interese Cultural o conxunto de covas e adegas de Seadur, situadas no concello ourensán de Larouco, polo seu valor etnolóxico, relacionado coa cultura do viño, e por ser reflexo da cultura e da formas de vida tradicionais dun pobo ao longo da súa historia. Así se acordou hoxe no Consello do Goberno galego, onde se lle deu o visto e prace ao decreto, que se publicará nos vindeiros días no *Diario Oficial de Galicia* e co que se lle outorga o máximo nivel de protección.

Esta declaración, que elevará a 795 o número de bens de interese cultural existentes en Galicia, chega tras recibir os informes favorables do Consello da Cultura Galega e o Museo do Pobo de Galicia, que lle recoñecen a este lugar un valor cultural sobranceiro, o que permite culminar un proceso iniciado en marzo de 2025 pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Deste xeito, neste expediente os técnicos recollen que o conxunto de 81 adegas e covas de Seadur constitúen pola súa autenticidade e integridade un ben sobranceiro do patrimonio cultural galego, que merece ser declarado ben de interese cultural. Ao respecto, saliéntase que se trata dun gran núcleo que se mantén intacto, xa que son mínimas as alteracións das edificacións tradicionais e son escasas as afeccións producidas polo uso de materiais modernos sen revestir o ou pola modificación de alturas e volumes.

Reflexo da cultura e formas de vida dun pobo ao longo da historia
De igual forma, o decreto fundaméntase en que estas adegas conviven nun espazo único no que, tanto a excepcionalidade das covas e a homoxeneidade dos seus detalles técnicos, vinculadas ás formas de vida e cultura tradicional, son testemuñas das relacións de uso e mantemento e reúnen valores propios que deben ser destacados. Consecuentemente, a súa conservación considérase relevante por ser reflexo da cultura e das formas de vida do pobo galego ao longo da historia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Función social, familiar e veciñal
A arquitectura das covas de Seadur responde a unha función de garda e conservación, pola necesidade de resgardar o viño das altas temperaturas da zona e tamén de ofrecer condicións axeitadas ata o momento do enxerto. Outro dos usos das covas é o encontro social, familiar e veciñal, converténdose nun lugar onde compartir festividades, conversas de a diario e procesos sobre a elaboración ou resultado da vendima que con tanto esforzo se elabora e que a cova mantén en óptimas condicións.

A documentación técnica destaca que todo isto conforma un conxunto de elementos etnolóxicos fundamentais a preservar como memoria da identidade, a cultura, as tradicións e as formas de vida de Seadur, de Valdeorras e por extensión de todo o pobo galego.

Ademais, o expediente incide en que estas infraestruturas están moi arraigadas na comarca do Valdeorras, que conserva estes elementos construtivos que se atopan integrados no territorio de forma harmónica na paisaxe, mediante a utilización dos materiais naturais das zonas nas que se asentan. Así, poden estudarse a día de hoxe como referentes de construcións bioclimáticas, polo seu apropiado e intelixente uso da terra e o aire que as envolve, creando as condicións axeitadas para a súa funcionalidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA O NOVO CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL, CON MÁIS DE 2.000 CONSTRUCIÓNS E QUE SERÁ CLAVE PARA PROTEXER O PATRIMONIO COSTEIRO

- Salienta que A Coruña é a provincia con máis elementos catalogados (988), seguida de Pontevedra (835) e Lugo (180)
- A gran maioría están clasificados como de tipo arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico, seguidos dos industriais e artísticos
- Máis da metade dos bens incluídos no inventario, entre os que hai antigas salgaduras e outros edificios de tipo industrial, faros e muíños, son susceptibles de dedicarse a novos usos sempre que o proxecto sexa compatible coa súa conservación
- "Isto permitirá darlles unha segunda vida a moitos destas construcións", salienta
- Coa aprobación e entrada en vigor do catálogo dáse un salto cualitativo na xestión do patrimonio litoral xa que reforza a seguridade xurídica de posibles intervencións para rehabilitar ou poñer en valor edificacións
- Salienta que o novo inventario se configura como "unha ferramenta viva" polo que poderán incorporarse no futuro outros elementos aínda non identificados

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello "aprobou hoxe o Catálogo de bens de valor cultural no litoral, que identifica máis de 2.000 construcións que será necesario protexer e conservar" ao formar parte do patrimonio costeiro da comunidade.

Dos 2.003 bens incluídos neste catálogo, "988 están na provincia da Coruña, 835 en Pontevedra e 180 en Lugo", segundo explicou Rueda, quen salientou que a maioría son "arquitectónicos (855)", seguidos dos bens de tipo arqueolóxico (584), os etnográficos (366), os industriais (186) e os artísticos (12).

Máis da metade do total —os 1.041 pertencentes ás categorías arquitectónica e industrial—, son susceptibles de sufrir cambios de uso para destinalos a un fin distinto daquel para o que foron orixinalmente concibidos a través de proxectos de revitalización, sempre que a intervención a executar respecte e preserve os principais valores polos que foron merecedores de catalogación.

"Isto permitirá darlle unha segunda vida", indicou o presidente xa que esta vía abre novas posibilidades para a recuperación deste tipo de bens —entre os que hai antigas fábricas de salgadura e outros edificios de carácter industrial, faros e muíños— mediante a execución de proxectos que sexan compatibles e garantan a conservación de edificacións de especial interese arquitectónico, histórico ou cultural. Ademais, con estas iniciativas tamén se contribuirá ao desenvolvemento sostible da costa e con el, á súa revitalización.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, cómpre salientar que a aprobación deste catálogo suporá un salto cualitativo na xestión do patrimonio costeiro galego xa que permitirá impulsar a rehabilitación e posta en valor de bens ligados ao mar cun gran valor arquitectónico, histórico, cultural ou industrial para darlles unha segunda vida.

O obxectivo do novo catálogo, en definitiva, é dignificar este patrimonio litoral, de enorme valor e distintivo de Galicia, integrado por centos de bens representativos e que destacan polo seu interese ou relevancia. Con tal fin, identifícase en cada caso a área na que se atopan, a xustificación da súa incorporación e a concreción dos seus posibles usos, tanto os orixinais como os futuros compatibles en caso de que se interveña sobre eles, garantindo que non se poña en perigo os valores que aconsellaron a súa catalogación.

Cada un dos 2.003 elementos incluídos neste instrumento están xeorreferenciados, documentados con imaxes ou representacións gráficas que facilitan a súa identificación, análise e xestión posterior e acompañados de información detallada sobre cada ben. Todos estes datos se presentan a través das correspondentes fichas, de forma individualizada ou agrupada, segundo o caso.

Traballo exhaustivo nos 86 concellos costeiros
Como punto de partida para a elaboración do catálogo tomouse un inventario realizado polo Goberno galego no ano 2019 e no que se recollían 459 bens, elementos etnográficos e edificacións de carácter público e privado (muíños, antigas salazóns, conserveiras...) dos que se tiña unicamente información moi básica.

A partir de aí e grazas a un exhaustivo traballo de campo realizado o pasado verán nos 86 concellos costeiros de Galicia, ese inventario inicial foi ampliado e enriquecido, tanto cuantitativa como cualitativamente, dando lugar a un catálogo novo que, sempre desde a tripla perspectiva da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (ambiental, social e económica), permitirá avanzar no desenvolvemento de actuacións estratéxicas para promover a protección e posta en valor dos elementos seleccionados.

Así mesmo, a finais de outubro a Xunta someteu o novo catálogo ao trámite de información pública, no marco do cal se recibiron máis de 160 achegas e suxestións que permitiron enriquecer o documento inicial. De feito, unha vez finalizado ese período e a partir de toda a información recompilada, realizouse unha nova revisión exhaustiva do seu contido no marco da cal se incorporaron 527 bens adicionais e se eliminaron 106 debido á desaparición do ben ou do valor cultural a protexer.

De feito, Rueda salientou que este catálogo se configura como "unha ferramenta viva" e de carácter aberto polo que poderán incorporarse no futuro novos elementos susceptibles de protección patrimonial na costa aínda non identificados.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tras a súa aprobación por parte do Consello da Xunta, o novo Catálogo de bens de valor cultural no litoral de Galicia sairá publicado proximamente no *Diario Oficial de Galicia* e entrará en vigor a partir do día seguinte.

Efectos xurídicos da inclusión
Cómpre lembrar que a elaboración do Catálogo de bens de valor cultural no litoral enmárcase na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que define dentro das actuacións estratéxicas para o desenvolvemento sostible da costa aquelas intervencións destinadas a poñer en valor o patrimonio existente a pé de mar.

En todo caso, a prioridade é sempre e para todos os bens catalogados a protección e posta en valor destes elementos. De feito, a inclusión dunha edificación ou elemento neste catálogo ten efectos xurídicos, sendo o máis relevante que para calquera actuación ou intervención sobre os mesmos aplicarase de forma preferente a normativa de patrimonio cultural fronte á normativa de costas.

Desta forma refórzase a seguridade xurídica das intervencións dirixidas á conservación, rehabilitación ou posta en valor dos bens localizados na costa e posibilítase a súa adaptación a novos usos compatibles, sen eximir aos seus promotores, en todo caso, da obtención dos títulos habilitantes necesarios, nin das autorizacións ou concesións que correspondan segundo a normativa sectorial vixente.

En canto ás intervencións permitidas nos bens catalogados, estas deberán axustarse ao nivel de protección que corresponda en cada caso —que pode ser máis ou menos estrito conforme á normativa do patrimonio cultural de Galicia— e inclúen as ampliacións en planta, con carácter complementario a unha actuación de rehabilitación, en volumes diferenciados e sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto.

Así mesmo, non se considerará aumento de volume a reconstrución destinada a completar un estado previo dos bens que estean actualmente en ruínas utilizando partes orixinais deles cuxa autenticidade e posición orixinal se poidan acreditar.

Por outra banda, os concellos nos que se localicen bens incluídos no catálogo deberán incorporalos ao seu planeamento urbanístico e establecer as determinacións específicas que correspondan para o seu réxime de protección, conservación e uso.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 239.000 EUROS A APOIAR ÁS ENTIDADES QUE ATENDEN A PERSOAS AFECTADAS DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

A Consellería de Política Social e Igualdade renova o convenio anual de colaboración con Dano Cerebral Galicia, co fin de contribuír a mellorar a calidade de vida destas persoas e das súas familias

O Consello da Xunta autorizou hoxe a firma dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e Dano Cerebral Galicia, federación integrada por cinco asociacións con presencia nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Santiago e Vigo, e que leva case dúas décadas defendendo os intereses das persoas con dano cerebral adquirido e das súas familias. A través deste acordo, o Executivo autonómico achega este ano a esta federación un total de 239.187 euros.

Os fondos deste conveno contribúen a financiar o funcionamento e os programas que desenvolve Dano Cerebral Galicia durante este ano 2026, co fin de contribuír á mellora da condicións e calidade de vida das persoas afectadas e da súa contorna familiar. Estímase que arredor de 2.300 persoas se beneficiarán deste acordo, que se renova anualmente.

As áreas de actuación desta federación son a información e a sensibilización, mediante campañas divulgativas, actividades culturais, charlas e obradoiros; así como a formación e a capacitación, dirixida tanto a persoas que realizan coidados no ámbito domiciliario como a diferentes perfís profesionais do eido sociosanitario. Outros eixos de intervención son os programas de promoción da autonomía persoal, a través da recuperación funcional e integral; o ocio inclusivo ou os servizos de asesoramento xurídico e o de préstamo de produtos de apoio.

Este convenio con Dano Cerebral Galicia forma parte dos 12 acordos nominativos que a Consellería de Política Social e Igualdade asina anualmente coas grandes federacións do sector da discapacidade e que supoñen no seu conxunto unha achega de seis millóns de euros. A finalidade deses convenios é garantir o labor e os servizos que presta o tecido asociativo en favor das persoas con discapacidade e as súas familias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O GOBERNO GALEGO DESTINA 167.000 EUROS AO FUNCIONAMENTO DA CASA DE ACOLLIDA DE BURELA PARA VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON PROBLEMAS DE SAÚDE MENTAL

- O Consello da Xunta aproba a firma dun novo convenio de colaboración para este ano 2026 entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Saúde Mental A Mariña para o mantemento deste centro
- Este é o único recurso en Galicia que está dirixido de maneira específica a vítimas con deterioro da saúde mental
- Un total de 41 mulleres e tres menores pasaron residiron neste centro de acollida desde que se puxo en marcha no ano 2018

O Executivo autonómico mantén un ano máis a súa colaboración coa Asociación Saúde Mental A Mariña para apoiar o funcionamento da Casa de Acollida que esta entidade xestiona en Burela. O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura dun novo convenio entre a Consellería de Política Social e Igualdade e esta asociación para o mantemento deste recurso especializado na atención a vítimas de violencia de xénero con enfermidade mental.

A Xunta achega 167.000 euros para o mantemento deste centro de acollida, no que se proporciona apoio, aloxamento, manutención e atención integral ás mulleres vítimas de agresións machistas e ás súas fillas e fillos, garantíndolles un espazo de protección e de recuperación. Este é o único recurso en Galicia especificamente dirixido a vítimas con problemas de saúde mental. Un total de 41 mulleres e tres menores residiron nesta vivenda de acollida de Burela desde que se puxo en marcha no ano 2018. O exercicio pasado, acolleu a seis mulleres.

A través deste convenio, téntase mellorar na resposta que, desde as institucións, se proporciona ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Trátase de garantir un tratamento integral para súa recuperación, que abrangue aspectos psicolóxicos, educativos, sociolaborais e xurídicos. O obxectivo é que estas mulleres superen os efectos negativos da violencia exercida sobre elas.

Rede galega de acollemento

Este centro de Burela forma parte da Rede galega de acollemento para mulleres vítimas de violencia de xénero, que na actualidade conta con 84 prazas e está composta por sete recursos, entre casas de acollida, vivendas tuteladas e centros de emerxencia. Estes recursos están situados na Coruña, Ourense, Ferrol, Lugo, Vigo, Chantada e Burela. Esta rede complétase co Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren violencia de xénero (CRI), que actúa como centro coordinador. En total, durante o ano 2025 a Xunta destinou máis de 700.000 euros ao mantemento dos distintos recursos desta rede de acollemento, que deu residencia e atención a 166 mulleres e 121 menores.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta, a través da Consellería de Política Social e Igualdade, subscribe a maiores, anualmente, tres convenios de colaboración con entidades de iniciativa social para o mantemento de vivendas de seguridade para mulleres vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual. En Santiago e en Ourense, coa entidade Cáritas; e en Lugo, con Aliad-Ultreia. Durante o exercicio pasado foron usuarias deste dispositivo un total de 33 persoas (28 mulleres e 5 menores).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA 10 M€ PARA REFORZAR A COMPETITIVIDADE DAS PEMES GALEGAS A TRAVÉS DA CREACIÓN DE NOVOS ESPAZOS ABERTOS DE USO COMPARTIDO

- A convocatoria dá continuidade ao modelo dos Centros de Fabricación Avanzada, que xa mobilizaron máis de 40 M€ en investimentos en Galicia
- A Consellería de Economía e Industria, a través do Igape, financiará ata o 80% dos investimentos en proxectos promovidos por empresas que impulsen este tipo de infraestruturas colaborativas
- O programa facilitará o acceso das pemes a produtos e servizos avanzados en condicións competitivas, mellorando a contorna empresarial e favorecendo a modernización industrial
- As iniciativas deberán garantir un acceso aberto, transparente e non discriminatorio, asegurando a prestación de servizos adaptados ás necesidades das empresas en condicións de mercado
- A liña, que prevé pagamentos anticipados de ata o 80% da axuda, reforza a colaboración público-privada e promove proxectos con utilidade real e efecto tractor sobre o tecido produtivo

A Xunta de Galicia vai activar unha nova liña de axudas ao investimento destinada á creación de infraestruturas locais de uso compartido, co obxectivo de fortalecer o tecido produtivo e avanzar na modernización da base industrial galega. O programa, impulsado pola Consellería de Economía e Industria a través do Igape, da continuidade ao programa *Centros de Fabricación Avanzada,* e contará cun orzamento total de 10 millóns de euros que permitirán financiar ata o 80% dos investimentos asociados a estes proxectos.

A iniciativa busca impulsar a posta en marcha de espazos abertos e colaborativos que melloren a contorna das empresas e dos consumidores, ao tempo que contribúan a incrementar a competitividade do tecido empresarial galego. En particular, está dirixida ás pequenas e medianas empresas, que atopan maiores dificultades de acceso ao financiamento e que desempeñan un papel clave na creación de emprego e no desenvolvemento económico de Galicia.

Neste sentido, o programa permitirá ás pemes acceder a produtos e servizos avanzados en condicións competitivas, reducindo custos e prazos e facilitando a incorporación de tecnoloxía e innovación aos seus procesos produtivos. Os proxectos que se presenten deberán garantir un acceso aberto, transparente e non discriminatorio, así como a prestación de servizos en condicións de mercado.

Investimentos subvencionables
Entre os investimentos subvencionables inclúense actuacións en obra civil, adquisición de equipamentos, activos materiais e intanxibles ou reformas de instalacións. O

investimento deberá situarse entre os 100.000 euros e os 5 millóns de euros, podendo alcanzar a axuda un máximo de 4 millóns por proxecto. Ademais, o programa permitirá a realización de pagamentos anticipados de ata o 80 % da subvención concedida, sen necesidade de constituír garantías.

Esta nova convocatoria dá continuidade ao modelo dos Centros de Fabricación Avanzada impulsado nos últimos anos, que sumou máis de 40 millóns de euros en investimentos, canalizando máis de 28 millóns en axudas. Ao abeiro destas convocatorias desenvolvéronse infraestruturas estratéxicas en ámbitos clave como a tecnoloxía e os datos, co Centro de Servizos Avanzados da Cidade das TIC na Coruña; a biotecnoloxía, co centro situado na Sionlla, en Santiago; a industria metalmecánica, co Centro de Tratamentos Avanzados do Aceiro en Narón; ou o sector aeroespacial e de ensaios tecnolóxicos, coa cámara de ensaios de KREIOS SPACE en Nigrán.

A estes proxectos súmanse iniciativas vinculadas á innovación audiovisual, como o gran plató físico-virtual de Pedralonga, ou ao desenvolvemento de infraestruturas dixitais e de conectividade avanzada, consolidando unha rede de espazos compartidos que permiten ás empresas acceder a capacidades tecnolóxicas de alto nivel.

Un conxunto de actuacións que evidencia o impacto tractor deste modelo de crecemento baseado na innovación, a colaboración e a optimización dos recursos públicos e privados de cara a promover un tecido empresarial máis competitivo fronte aos retos actuais e futuros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA ACTIVA UN PLAN DE MEDIDAS PARA AXUDAR AOS SECTORES CON MÁIS DIFICULTADES E ÁS FAMILIAS ANTE OS EFECTOS DA GUERRA EN ORIENTE MEDIO

- Destaca que supón 157 M€ a través de 20 liñas de actuación
- O conselleiro de Facenda salienta a comunicación permanente cos clústeres "para coñecer de primeira man o impacto da crise no tecido produtivo"
- Rueda resalta que, entre as actuacións máis urxentes que se van levar a cabo, figuran "os 62 M€ en préstamos" para garantir que as empresas "teñen liquidez e poden continuar coa súa actividade"
- Outros 44,9 M€ destinaranse aos sectores produtivos, especialmente ao pesqueiro e ao agrario, ademais das actuación para protexer os fogares
- O plan combina actuacións no ámbito autonómico con propostas dirixidas ao Estado e á Unión Europea
- Os máis de 150 M€ de medidas autonómicas súmanse aos 120 M€ que achega Galicia para aplicar as rebaixas fiscais aprobadas polo Goberno central

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello aprobou hoxe "activar un Plan de 157 millóns de euros para atender aos sectores con máis dificultades e ás familias vulnerables fronte as consecuencias da guerra en Oriente Medio".

Trátase dun plan con vinte liñas de actuación que contempla políticas de choque enerxético, apoio financeiro ás empresas, protección social e impulso á transición enerxética, así como actuacións encamiñadas á resiliencia loxística e propostas de reforma normativa e fiscal. "Estamos antes unha crise excepcional e as medidas tamén teñen que selo", indicou o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

Nas medidas da Xunta, destacan 62 millóns de euros para empresas e pemes, 6,2 millóns de apoio ás familias, 25,5 M€ para o sector pesqueiro, 19,4 millóns para o sector agrario, 39,3 millóns de euros para eficiencia enerxética e 5 millóns para o sector turístico.

O Goberno galego mantivo reunións cos sectores máis afectados para "coñecer e primeira man o impacto no tecido produtivo", indicou Corgos. Deste xeito, os obxectivos do plan céntranse nos sectores produtivos para reducir o impacto do incremento de custos enerxéticos e loxísticos, soster a actividade económica e o emprego, reforzar a resiliencia das cadeas de subministración, acelerar os investimentos en transición enerxética e eficiencia e facilitar a adaptación das empresas galegas a un escenario internacional máis complexo. As medidas esténdense tamén ao conxunto da sociedade, para protexer aos fogares fronte á inflación enerxética.

Priorización e execución coordinada

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O plan incorpora un marco de gobernanza, seguimento e avaliación que permite priorizar as actuacións, medir o seu impacto e garantir unha execución coordinada e eficaz entre administracións.

Deste xeito, entre as actuación máis urxentes que se van levar a cabo figuran, segundo explicou o presidente "os 62 millóns de euros dos préstamos" que o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) destina a empresas afectadas polo incremento dos custes enerxéticos e polas disrupcións nas cadeas de subministración, "para que teñan liquidez e poidan continuar coa súa actividade".

Ademais implantarase un procedemento extraordinario de tramitación acelerada para solicitudes de financiamento empresarial, que permitirá resolver expedientes nun prazo máximo de 10 días. E levarase a cabo a axilización administrativa e simplificación de procedementos para proxectos estratéxicos nos ámbitos das enerxías renovables, industria verde, dixitalización e TIC.

Outra das actuacións urxentes é a protección dos fogares, aos que se destinarán máis de 6 millóns de euros para moratorias, aprazamentos e condonación parcial de alugueiros das vivendas públicas, para a revisión dos contratos públicos de transporte regular e escolar para que a suba de custes non se traslade ao prezo final, e para a axilización do pagamento de medidas destinadas a achegar recursos o máis rápido posible aos fogares vulnerables, como o Bono Social Térmico, a renda de inserción social de Galicia (RISGA) e as axudas de emerxencia social.

Os sectores produtivos reforzaranse con máis de 44,9 millóns de euros, especialmente o pesqueiro, con 25,5 M€ para a modernización de infraestruturas portuarias, lonxas e cadea de frío para mellorar a eficiencia operativa e reducir custos. Así mesmo, apoiaranse proxectos que incrementen o valor engadido da produción pesqueira mediante investimentos en transformación, comercialización, diferenciación de produto, certificación de calidade e economía circular.

O sector agrario recibirá 19,4 M€ para a modernización das explotacións mediante a incorporación de tecnoloxías de agricultura de precisión, así como de maquinaria e produtivos orientados á mellora da eficiencia e para a redución da dependencia de insumos externos. Dentro destas axudas, destaca a achega de 10,8 millóns para a estratexia de promoción agroalimentaria, especialmente para impulsar iniciativas orientadas ao fortalecemento das cadeas curtas de comercialización, á valorización do produto local, á trazabilidade e á diferenciación nos mercados.

Promoción do destino Galicia

Destinaranse 5 M€ para promocionar Galicia como refuxio de tranquilidade e autenticidade fronte á masificación doutros destinos mediterráneos, poñendo en valor a riqueza natural, o Camiño de Santiago e a calidade gastronómica da Comunidade como elementos diferenciais. Trátase de converter a crise xeopolítica actual nunha

oportunidade de mercado, ofrecendo ao turista internacional un destino seguro e estable fronte á inestabilidade en Oriente Medio e Asia.

Medidas de longo percorrido
O perfil industrial exportador de Galicia, caracterizado por unha elevada dependencia enerxética e unha forte especialización en sectores intensivos en consumo de enerxía e loxística —como a automoción, o metalmecánico, o agroalimentario, a pesca, a minería e o transporte— xunto cunha estrutura produtiva co predominio de pemes agrava a vulnerabilidade da economía galega ante o incremento dos custos.

A Administración autonómica aposta por avanzar cara a un modelo de maior autosuficiencia enerxética, destinando preto de 40 millóns de euros para, entre outras iniciativas, rehabilitar edificios para mellorar a súa eficiencia enerxética.

Así mesmo, impulsarase o autoconsumo colectivo en polígonos empresariais, onde o consumo é intensivo e o impacto da inflación enerxética afecta directamente á competitividade e ao emprego. E fomentarase a constitución de comunidades enerxéticas, para que os grupos de veciños, pemes ou entidades locais poidan asociarse para xerar e consumir a súa propia enerxía, de xeito eficiente.

Resposta rápida e eficiente
O plan está dotado con máis de 157 millóns de euros para atender aos sectores afectados, que se suman aos máis de 120 M€ que o Goberno galego estima que suporá para Galicia financiar as medidas con impacto fiscal anunciadas polo Goberno central. Medidas que o Goberno galego considera insuficientes e que lamenta que non foran consensuadas coas CC.AA.

Ademais das actuacións no ámbito autonómico, o plan complétase con propostas dirixidas á Administración Xeral do Estado e á UE, necesarias para completar a capacidade de resposta ante unha crise de natureza global.

Así, propón ao Goberno central diversas medidas en materia de política fiscal, contratación pública, enerxía e infraestruturas, mobilidade e transporte, así como no ámbito da agricultura, a pesca e as relacións coa UE.

Tamén reclamará á Unión Europea máis flexibilidade para os fondos, cofinanciación ao 100%, un novo marco de axudas do Estado para sectores afectados e, en xeral, apoio fronte á crise enerxética e loxística.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A COMUNIDADE DE MADRID UTILIZARÁ OS SISTEMAS DE XESTIÓN DA GANDARÍA DESENVOLVIDOS POLA XUNTA DE GALICIA

- O Consello aprobou a firma dun convenio para a cesión dos dereitos de uso de varios sistemas informáticos deseñados pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería do Medio Rural
- A Oficina Virtual de Gandaría é a plataforma da Xunta de Galicia para a xestión das explotacións gandeiras galegas, que permite consultar información e realizar trámites administrativos aos profesionais do sector que se dedican a esta actividade, incluíndo operadores comerciais, integradoras e comercializadoras, e colectivos de veterinarios
- O acordo inclúe o Sistema de Xestión de Gandaría, con módulos sobre rexistro de explotacións, movementos de gando ou xestión sanitaria

O Consello de Goberno aprobou hoxe a sinatura dun convenio para que a Comunidade de Madrid poida adaptar para o seu uso distintas aplicacións informáticas desenvolvidas pola Xunta de apoio na xestión do sector gandeiro. O acordo inclúe a cesión dos dereitos tanto da Oficina Virtual de Gandaría – utilizada polos profesionais do sector - como de sistemas que permiten a xestión de toda a información relacionada por parte das unidades responsables funcionais da Consellería do Medio Rural (Xesgan: Xestión da gandaría)

Estes sistemas veñen de ser renovados e actualizados tecnolóxica e funcionalmente estes últimos anos. No último trimestre do 2025 púxose en funcionamento o sistema de xestión dos movementos gandeiros de Galicia.

En representación da Xunta asinarán o convenio a Consellería do Medio Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e, por parte da Comunidade de Madrid, farano a Consellería de Medio Ambiente, Agricultura e Interior, e a Axencia para a Administración Dixital.

A Oficina Virtual de Gandaría (Ovgan) é un portal en internet de atención ao sector gandeiro que permite consultar información e realizar trámites administrativos. Está dirixida fundamentalmente ás persoas que se dedican á gandaría, e tamén aos operadores comerciais, integradoras e comercializadoras do sector, así como determinados colectivos de veterinarios.

No ano 2025 rexistráronse mais de 650.000 operacións na Ovgan: 170.000 altas por nacemento, 92.000 declaracións de movementos; 234.000 solicitudes de autoguía e 120.000 doutras guías; por mencionar algúns exemplos. Este ano continuarase desenvolvendo este portal, por exemplo coa inclusión nos documentos do código de verificación electrónica (CVE).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O acordo inclúe tamén a cesión dos dereitos de sistemas de información que son básicos para a xestión das competencias de Galicia no eido gandeiro (Xesgan): o rexistro de exploracións e datos gandeiros (Regan); os movementos de gando (Mogan); ou o soporte da xestión sanitaria da gandaría (Ingan). Estes sistemas permitiron no 2025 – entre outras cifras – dar soporte á xestión de mais de 70.000 controis e inspeccións sanitarias; 800.000 rexistros de entrada ou saída nas explotacións de cerca dun millóns de animais; ou 48.000 altas, baixas ou modificacións no Regan.

Deste xeito, a Xunta de Galicia, a través do traballo coordinado entre a Consellería do Medio Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, continúa a ser referencia na posta á disposición doutras comunidades que o solicitan dos seus sistemas de información.

Por exemplo, o sistema de información contable de fondos europeos agrícolas do organismo pagador (SICOP) está sendo utilizado ou en proceso de implantación actualmente en 7 organismos pagadores doutras tantas comunidades autónomas; os sistemas de xestión das curtas de madeira e outras aplicacións de apoio na xestión forestal, solicitados no 2025 para cesión por Asturias e Castela e León; ou a recente proposta de interoperabilidade entre os sistemas nacionais e autonómicos de xestión de explotacións agrarias, impulsada por Galicia e Andalucía, que ven de ser secundada pola totalidade de comunidades autónomas usuarias do Sistema nacional de xestión de axudas da política agraria común (SXAPAC) e remitida ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE TRAZADO PARA CONSTRUÍR UNHA SENDA PEONIL E CICLISTA NA PO-221, ENTRE ALENDE E A ESPEDREGUEIRA, EN MORAÑA

- Trátase dunha nova actuación que permitirá unha circulación confortable para os peóns e ciclistas entre estes núcleos do municipio pontevedrés, que suporá un investimento autonómico que roldará os 380.000 euros
- Habilitarase un itinerario mixto de algo máis de medio quilómetro de lonxitude pola marxe dereita da PO-221, cunha anchura da zona de algo máis de 2 metros, bordo incluído
- A previsión é realizar a convocatoria das expropiacións xa neste segundo trimestre, para licitar a obra no terceiro e poder iniciala antes de que remate este ano
- O Executivo autonómico segue traballando na mellora das comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda e segura, redundando o nunha Galicia máis conectada

O Consello da Xunta aprobou hoxe definitivamente o proxecto de trazado para a construción dunha senda peonil e ciclista na estrada PO-221, entre Alende e A Espedregueira, no concello de Moraña, que suporá un investimento autonómico de máis de 380.000 euros.

Trátase de executar unha senda mixta nesta vía autonómica, que permita realizar ao longo da vía, unha circulación confortable para os peóns e ciclistas desde o núcleo de Alende (punto quilométrico 6+260) ata a intersección coa estrada provincial EP-0018 (Xeve – Amil – A Espedregueira), no núcleo da Espedregueira (quilómetro 6+800).

O trazado aprobado hoxe, proponse habilitar unha senda pola marxe dereita da estrada, cunha lonxitude aproximada de algo máis de medio quilómetro, que contará cunha anchura da zona mixta de 2,02 metros (bordo incluído). Ademais, no espazo entre o novo itinerario e a estrada prevese aproveitar o espazo para dispoñer a rede de sumidoiros ao longo da PO-221.

Na intervención, disporase tamén dunha gabia de seguridade entre os puntos quilométricos 6+360 e 6+700, aproveitando o espazo existente entre a senda e o límite da plataforma actual da PO-221; que servirá para absorber o ancho da futura ampliación da plataforma desta vía autonómica.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Executivo autonómico comporta tamén a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos 28 predios necesarios para executar esta intervención.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo da Xunta é realizar a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións neste segundo trimestre do ano, para licitar as obras no terceiro trimestre e poder iniciar as obras antes de que remate o 2026.

Esta intervención deseñada pola Consellería de Vivenda e Planificación de infraestruturas, a través da Axencia Galega de infraestruturas, disporán con financiamento integramente autonómico. O prazo de execución das obras é de nove meses.

O Executivo autonómico continúa apoiando actuacións que favorecen as comunicacións nos municipios e promoven unha mobilidade máis cómoda, segura, sustentable, e unha Galicia máis conectada.

Localización da zona da nova senda:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE 73 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN NAVIA, NO CONCELLO DE VIGO

- O importe de licitación desta nova actuación supera os 15.7 M€ e financiase exclusivamente con fondos propios da Xunta
- Construiranse en dúas parcelas de San Paio de Navia, urbanizadas pola Xunta
- Actualmente o Goberno galego xa ten nalgunha fase de execución 920 vivendas de promoción pública na cidade e continúa avanzando cara á consecución do compromiso de duplicar o parque público de vivenda antes do remate de 2028

A Xunta construirá 73 novas vivendas de promoción pública en dúas parcelas en Navia, no concello de Vigo, unha vez que o Executivo autonómico autorizou hoxe a licitación do contrato de construción das vivendas por importe de 15.721.565,10 euros.

A obra é financiada integramente con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia, aos que se suma o investimento de preto de 500.000 € da redacción do proxecto e dirección de obra, así como o valor das parcelas, urbanizadas pola Xunta.

O proxecto, redactado por Gustavo Díaz García e Lucas Díaz Sierra (Díaz y Díaz Arquitectos, S.L.P.), prevé a construción de dous edificios, un en cada parcela.

En concreto, construirase un edificio para 24 vivendas na parcela M-IIIB-7, das que 20 será de tres dormitorios e tres de dous dormitorios, unha das cales estará adaptada para o seu uso por persoas con mobilidade reducida.

O outro edificio, para 49 vivendas, construirase na parcela M-IIIB-8. Unha das vivendas disporá dun dormitorio, 27 terán dous dormitorios, 13 de tres e seis de catro dormitorio. Dúas das vivendas de dous dormitorios estarán adaptadas para o seu uso por persoas con mobilidade reducida.

Actualmente a Xunta ten en desenvolvemento 920 vivendas de promoción pública en Navia, así como a urbanización de San Paio de Navia para un total de 1.600 vivendas protexidas (incluídas as 920 de promoción pública). A isto engadiranse os Proxectos de Interese Autonómico (PIAs) do Ofimático (2.000 vivendas, todas protexidas) e Cantabria-Ramón Nieto- Santa Cristina (1.392 vivendas, 80 % delas protexidas).

O Goberno galego continúa avanzando no compromiso de duplicar o parque de vivenda pública antes do remate de 2028, acadando as 8.000 unidades, que en 2030 se incrementarán ata 10.000 tal como establece o Pacto de vivenda de Galicia 2026-2030.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 2 M€ ÁS AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE FOGARES EN CENTROS HISTÓRICOS E VIVENDAS PROTEXIDAS

- Trátase de axudas financiadas exclusivamente con fondos propios da comunidade autónoma, que deberán ser a residencia habitual e permanente dos adquirentes
- Dende 2021 concedéronse 645 axudas de adquisición en centros históricos ou vivendas protexidas, por importe de máis de 6,75 millóns de euros

A Xunta de Galicia destinará 2 M€ ás axudas de adquisición de vivendas en centros históricos e á adquisición de vivenda protexida, tal como acordou o Executivo autonómico de hoxe na reunión semanal do Consello. A convocatoria destas axudas publicarase en breve no *Diario Oficial de Galicia (DOG)*.

As dúas axudas están financiadas exclusivamente con fondos propios da comunidade autónoma e destínanse a vivendas que deberán ser a residencia habitual e permanente dos adquirentes.

Polo que respecta á adquisición de vivendas en centros históricos, as axudas están destinadas á persoas físicas con ingresos iguais ou inferiores a 6,5 veces o Iprem. Neste caso, a axuda será de ata 10.800 euros con carácter xeral, inda que a contía se incrementa a 12.800 euros no caso de que os adquirentes sexan menores de 36 anos e a 15.000 euros se a vivenda se adquire no ámbito dunha área Rexurbe, sen límite de idade neste último caso.

Os adquirentes de vivendas protexidas deberá cumprir os requisitos de ingresos que esixa a normativa reguladora da vivenda a adquirir e o importe da axuda dependerá da área xeográfica na que se emprace a vivenda.

No caso de vivendas situadas en municipios de prezo máximo superior (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo), o importe da axuda será de ata 20.000 euros por vivenda, no suposto de vivendas adquiridas por persoas menores de 36 anos, e ata 16.000 euros, no caso de vivendas adquiridas por persoas con idade igual ou maior de 36 anos.

Para vivendas situadas nos restantes municipios de Galicia, a axuda será de ata 16.000 euros, no suposto de vivendas adquiridas por persoas menores de 36 anos, e ata 12.000 euros, no caso de vivendas adquiridas por persoas con idade igual ou maior de 36 anos.

Nos dous casos o importe da axuda será o 20 por cento do custe da vivenda, coas contías máximas indicadas.

A liña de axudas para adquisición en centros históricos contará cun orzamento de 500.000 euros e a de adquisición de vivenda protexida con 1.500.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As solicitudes poderán presentarse unha vez transcorridos 5 días hábiles desde o seguinte ao da publicación da convocatoria no DOG e rematará o 15 de outubro de 2026.

No marco do Pacto de vivenda de Galicia 2021-2025 concedéronse 645 axudas de adquisición en centros históricos ou vivendas protexidas, por importe de máis de 6,75 millóns de euros.

A terceira liña de axudas, destinada á adquisición de vivendas en concellos de menos de 10.000 habitantes non se poderá convocar ata que estea aprobado o plan estatal de vivenda e asinado o convenio entre o Ministerio e a Comunidade Autónoma.

Estas axudas para adquisición son compatibles cos avais que ofrece a Xunta e cuxa convocatoria xa está aberta ata o 30 de outubro. Os menores de 36 anos poden acollerse a estes avais para adquirir a súa primeira vivenda, mentres que no caso da compra de vivenda protexida non existe límite de idade.

O Goberno avala ata o 20% do prezo de adquisición da vivenda, que complementa o financiamento que concede a entidade bancaria, facilitando así que mozos e familias poidan afrontar a compra do seu primeiro fogar. Nesta convocatoria, a Xunta avalará ata 5M€.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA INICIALMENTE O PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO PARA DESENVOLVER SOLO NA CORUÑA PARA 4.397 VIVENDAS, O 80% PROTEXIDAS

- É o sexto PIA, dos 12 que tramita a Xunta, que acada a aprobación inicial
- O obxectivo é licitar a obra de urbanización no 2027, para iniciala no 2028
- Neste momento están en tramitación nove PIAs para a urbanización de solo para vivendas, das que máis do 80 % serán protexidas, licitada a redacción dos de Marín e O Porriño) e iniciados os trámites do de Ribadeo
- No marco da Estratexia galega de solo residencial, o Goberno galego prevé desenvolver solo para 25.000 vivendas, das que 20.000 serán protexidas

O Consello da Xunta aprobou hoxe inicialmente o proxecto de interese autonómico (PIA) para desenvolver solo no ámbito SUD4 "Monte Mero", na Coruña, onde se prevén 4.397 vivendas, maioritariamente protexidas.

Trátase do sexto PIA que tramita a Xunta que acada a aprobación inicial, no marco da Estratexia galega de solo residencial que está a levar a cabo o Goberno galego. O primeiro en acadar a aprobación inicial foi o PIA do Sagrado Corazón (en Lugo), e despois o do Ofimático (en Vigo), aos que seguiron o da Baiuca (en Arteixo), o do SU1 Escorial-Vinteún (en Ourense) e o SB2-fase II e SB5, na zona de San Mauro (en Pontevedra).

O ámbito do PIA abrangue aproximadamente 404.074 metros cadrados e está situado na zona sur da cidade da Coruña, conformado polos terreos da ladeira oeste e sur do Monte Mero, nun espazo existente entre a avenida de Alfonso Molina (AC-11), a cidade das TIC, a avenida da Pasaxe, e o barrio de Xuxán.

A proposta de ordenación estima a construción de 4.397 vivendas, das cales 3.521 serán protexidas. A tipoloxía das vivendas será de vivenda colectiva de bloque lineal, con alturas que oscilan entre B+2 e B+12 e de vivenda unifamiliar con altura máxima de B+1.

O ámbito contará con 1.074 prazas de aparcamento públicas (27 delas para persoas con mobilidade reducida), situadas no viario interior do ámbito.

Con carácter complementario, contarase con usos terciarios, repartidos en gran parte nas mazás de uso residencial de maior densidade, así como dúas zonas de uso exclusivamente terciario na zona central do ámbito no acceso desde a avenida Alfonso Molina, favorecendo a súa accesibilidade e a conectividade co propio ámbito e a súa contorna.

A ordenación destina 310.685 m² de solo a dotacións públicas (de uso e dominio público), o que representa o 76,89 % da superficie do sector.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Respecto dos espazos libres e zonas verdes, a proposta prevé a creación do parque do Monte Mero, nun espazo elevado, que conforma un fito paisaxístico e visual importante que domina a entrada á ría do Burgo na cidade, a partir do cal nace unha rede de espazos libres que vertebran varios eixos lonxitudinais e transversais que organizan interiormente todo o sector sobre o cal se integran todas as parcelas residenciais, que todas terán adxacente un espazo libre destinado a lugar de lecer e goce de todos os habitantes. Tamén prevé a plantación ou conservación de 4.300 árbores.

Estratexia galega de solo residencial
No marco da Estratexia galega de solo residencial, a Xunta prevé desenvolver solo para 25.000 vivendas, das que 20.000 serán protexidas.

O Goberno galego ten en marcha doce proxectos de interese autonómico en once concellos.

Así, están en tramitación os PIA para desenvolver ámbitos en Pontevedra, Vigo (2), Ourense, Lugo, Arteixo, A Coruña, Santiago de Compostela e Vilagarcía de Arousa, e licitada a redacción dos de Marín e O Porriño. Ademais iniciouse a tramitación para abordar outro novo PIA, o duodécimo, no concello de Ribadeo, onde se prevé desenvolver solo para 300 vivendas.

Contan xa con informe ambiental estratéxico os PIA da Coruña (Monte Mero), Lugo (Sagrado Corazón), Ourense (Escorial-Vinteún), Vigo (Ofimático), Arteixo (A Baiuca-Penouqueira) e Pontevedra (San Mauro) e Santiago de Compostela (SUD 1 Mallou).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA POR 13,9 M€ A COMPRA DE CAMAS E MESAS DE NOITE DE HOSPITALIZACIÓN E CAMAS DE UNIDADES DE CRÍTICOS PARA OS HOSPITAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- A presente contratación inclúe a dotación do equipamento necesario para a posta en marcha e funcionamento da hospitalización e das unidades de críticos do Hospital Novo Montecelo de Pontevedra e a dotación da hospitalización de diversos servizos recollidos no plan director do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol
- O valor estimado desta contratación é de 8,4 millóns de euros para as camas de hospitalización, 1,9 millóns para as camas de hospitalización de alta complexidade, 1,4 millóns para as camas de críticos e 2,1 millóns para as mesas de noite

O Executivo galego autorizou hoxe a contratación da subministración sucesiva, mediante acordo marco cun único empresario e procedemento aberto, de camas e mesas de noite de hospitalización e camas de unidades de críticos con destino a hospitais do Servizo Galego de Saúde, por un valor estimado de 13,9 millóns de euros, con IVE incluído.

O prazo máximo de duración do acordo marco e a súa prórroga será de tres anos.

O valor estimado desta contratación é de 8,4 millóns de euros para as camas de hospitalización, 1,9 millóns para as camas de hospitalización de alta complexidade, 1,4 millóns para as camas de críticos e 2,1 millóns para as mesas de noite.

A presente contratación inclúe a dotación do equipamento necesario para a posta en marcha e funcionamento da hospitalización e das unidades de críticos do Hospital Novo Montecelo de Pontevedra, así como a dotación da hospitalización de diversos servizos derivada do plan director do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol, e a renovación e ampliación de mobiliario de hospitalización e camas de unidades de críticos de diversos hospitais do Sergas.

Trátase de incorporar camas e mesas de noite para cubrir as necesidades asistenciais tanto en unidades de hospitalización xeral onde, pola súa propia evolución asistencial, acollen pacientes con distintos niveis de complexidade, como nas unidades de críticos, cuxas necesidades son máis especializadas, intensivas e estables no tempo.

Estas necesidades están orientadas a garantir o confort e a seguridade do paciente, a eficiencia clínica e a integración cos sistemas do hospital.

Tamén se terá en conta o obxectivo de facer os hospitais do Sergas máis eficientes, promovendo a economía circular e o respecto ao medio ambiente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Criterios a valorar

Os criterios que se valorarán para a compra das camas será a calidade no comportamento dinámico (grao de facilidade no seu manexo e sistema de freado), a manipulación do paciente encamado, os accionamentos manuais e eléctricos, a información proporcionada pola cama de xeito automático e dixital, a calidade física da estrutura, a ergonomía resultante do deseño e accesibilidade, a calidade dos sistemas de seguridade e control, o confort proporcionado ao paciente e, ademais, o mantemento, limpeza e desinfección da cama.

No caso das mesas de noite, entre outros criterios, valorarase a calidade física da estrutura, dos accionamentos manuais e eléctricos, a ergonomía do deseño e a accesibilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN JOSEP CARRERAS PARA LOCALIZAR DOADORES DE MEDULA ÓSEA EN CALQUERA PAÍS DO MUNDO, INCREMENTANDO A ACHEGA ATA 1 M€

- No último ano aumentaron os transplantes de pacientes non emparentados, de 29 en 2024 a 45 o ano pasado
- O obxectivo é facilitar que pacientes con leucemia que necesiten un transplante de medula ósea e non teñan un familiar compatible poidan atopar un doador, tanto en España como no resto do mundo
- Galicia conta con preto de 16.000 doadores de medula rexistrados, dos que máis de 770 son novos inscritos o ano pasado
- No ano 2025 leváronse a cabo 235 transplantes de medula ósea na Comunidade

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa reunión semanal, a renovación do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) coa Fundación Josep Carreras. Debido ao notable aumento de transplantes de pacientes non emparentados, a Xunta incrementa ata 1.085.000 euros a cantidade destinada ao acordo para que calquera paciente galego que precise unha doazón de medula ósea poida localizar un doador compatible.

O doador compatible non emparentado, en primeiro lugar buscarase en España e, se fose necesario, acudiríase ao resto de rexistros mundiais. No último ano este tipo de transplantes chegou aos 45, fronte aos 29 de 2024.

Na actualidade, existen tres tipos diferentes de transplantes de medula, tamén chamados de proxenitores hematopoéticos: o autólogo, o aloxénico emparentado e o aloxénico non emparentado.

Os transplantes autólogos son aqueles nos que se usan as células do propio paciente. Desta forma realízase a extracción deste tipo de células -que se tratan con medicación-, e que se empregan para o tratamento do propio paciente.

Os transplantes aloxénicos emparentados son aqueles nos que os doadores das células son familiares dos pacientes e que son compatibles.

Por último, os transplantes aloxénicos non-emparentados son aqueles nos que non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia. Esta conxuntura sucede no 25-30 % dos casos e obriga a buscar ao doador en calquera parte do mundo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cando se produce esta situación, iníciase unha busca no ámbito mundial a través do Rexistro Español de Doadores de Medula Ósea (Redmo). Así, o sistema de busca de doadores, coordinado cos organismos nacionais (o Redmo e a Organización Nacional de Transplantes), permite garantir a equidade de calquera paciente no acceso á doazón e avalar a eficiencia deste sistema nos ámbitos clínico, administrativo, organizativo ou social.

En total, ao longo do ano pasado o Servizo Galego de Saúde realizou 235 transplantes de medula ósea. Deles, a maioría foron autólogos ou autrotransplantes, 156. Tamén se realizaron 34 transplantes de doadores emparentados e, no caso dos transplantes obxecto do convenio, os citados 45 aloxénicos non emparentados.

Desde o ano 2008, en que se comezou a realizar transplantes aloxénicos na sanidade pública galega, lévanse feitos 539.

Case 16.000 doadores de medula
Galicia incorporou 772 novos doadores de medula en 2025 e o total rexistrado dispoñible ascende a 15.979 persoas, a 31 de decembro do ano pasado.

Calquera persoa de 18 e 40 anos que non teña ningunha enfermidade grave ou transmisible pode doar medula ósea, unha doazón con carácter anónimo, altruísta, voluntario e universal, é dicir, dóase para a persoa que o necesita en calquera parte do mundo.

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue agradece a solidariedade de persoas que se ofrecen a facer unha doazón en caso de seren compatibles cun paciente que o precise.

Desde que en Galicia se comezou a realizar transplantes de medula no ano 1993, son xa 4.705 as intervencións efectuadas na sanidade pública.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DE 892.000 EUROS A ASOCIACIÓNS PARA A ASISTENCIA A PACIENTES CON TRASTORNOS RELACIONADOS CO CONSUMO DE ALCOHOL, TABACO E OUTRAS ADICCIÓNS

- O Executivo galego autoriza os convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e catro entidades sen ánimo de lucro, cun incremento da dotación dun 2 % con respecto ao ano pasado
- A Asociación Viguesa de Alcoholoxía Asvidal, a Asociación As Burgas para o tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico, a Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra, e a Asociación Unidade de Tratamento do Alcoholismo e Condutas Adictivas UTACA son as entidades beneficiarias
- Durante 2025, un total de 2.100 persoas participaron nos programas e actividades que desenvolveron estas catro asociacións
- A Xunta autorizou a comezos deste mes a sinatura de convenios entre o Sergas e outras cinco asociacións en materia de trastornos adictivos, cun investimento 7,1 M€
- O pasado 7 de marzo entrou en vigor a Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das conductas adictivas, que sitúa Galicia á vangarda europea nesta materia
- Ademais, Galicia reforzou a atención ás adiccións coa integración o 1 de xaneiro das 13 unidades municipais de atención á drogodependencia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dos convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e catro entidades sen ánimo de lucro, para a asistencia a pacientes con trastornos adictivos (alcohol, tabaco, xogo, etc.), por un importe global de 891.843 euros.

O Executivo galego incrementa este ano un 2 %, máis de 15.000 euros en total, as axudas que o Servizo Galego de Saúde destina a estas catro entidades respecto do que percibiran o pasado ano, cando acadaran un importe global de 875.888 euros.

En concreto, a Xunta achegará 260.010 euros á Asociación Viguesa de Alcoholoxía Asvidal; 230.336 euros para a Asociación As Burgas para o tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico; 147.504 para a Asociación de Exalcohólicos de Ferrolterra; e 253.993 euros para a Asociación Unidade de Tratamento do Alcoholismo e Condutas Adictivas UTACA.

Durante o pasado ano 2.100 persoas participaron nos programas e actividades que desenvolveron estas entidades sen ánimo de lucro, das cales 1.392 foron homes e 708 mulleres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Consello da Xunta autorizou o pasado día 9 de marzo a sinatura de convenios de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e cinco entidades sen ánimo de lucro para a asistencia a pacientes con trastornos relacionados con substancias e outros trastornos adictivos, por importe global de 7.184.220 euros. Sumados aos máis de 891.000 euros dos convenios que o Consello da Xunta autorizou hoxe, fan un total de 8.076.063 euros.

Atendendo á demanda trasladada polas propias entidades, estas poderán solicitar, a partir da entrada en vigor dos convenios, o día seguinte ao da súa sinatura, anticipos para a realización destas actividades por un máximo do 70 % do importe total do convenio.

Tratamento multidisciplinar
Na actualidade, as adiccións son consideradas unha enfermidade que require dun tratamento multidisciplinar e personalizado. Así, ante calquera problema relacionado coas adiccións, aconséllase acudir a un centro de tratamento específico directamente, ou ben solicitar axuda aos profesionais de atención primaria, para que poidan avaliar cada un dos casos e derivaralos aos centros que procedan.

A poboación destinataria destes programas é especialmente vulnerable, ao tratarse de persoas con trastornos adictivos, o que incrementa a súa exposición á exclusión social, aos riscos de reincidencia e á dificultade de acceso aos recursos públicos e comunitarios.

A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, a través da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, é a responsable de desenvolver as actuacións sanitarias en relación coa saúde mental nos centros sanitarios, así como a rede de centros de drogodependencias e de impulsar a cooperación e coordinación cos órganos ou unidades da Administración xeral da Comunidade competentes en materia de servizos sociais, de cara a fomentar o desenvolvemento e a integración das prestacións sociosanitarias.

Cómpre lembrar que a Xunta aprobou o Decreto 127/2025, do 29 de decembro, de traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e medios persoais e materiais afectos á atención sanitaria prestada polas unidades asistenciais de atención á drogodependencia de titularidade municipal e, desde o pasado 1 de xaneiro, as 13 unidades existentes pasaron a integrarse no Servizo Galego de Saúde.

A Xunta tamén foi pioneira ao aprobar a Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención de condutas adictivas, que entrou en vigor o pasado 7 de marzo. Esta norma sitúa Galicia á cabeza na protección da xente nova fronte ás novas formas de adicción e convértea na primeira comunidade en abordar novos hábitos non saudables da mocidade, ao equiparar o consumo de bebidas enerxéticas ao alcohol e os vapeadores ao tabaco.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LEVA A NOVA YORK A ICÓNICA MOSTRA 'A DISTANCIA QUE NOS UNE' DO ESCULTOR GALEGO MANOLO PAZ

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e Turismo de Galicia financian esta actuación achegando 180.000 euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Turismo de Galicia e a Fundación Manolo Paz Arte Contemporáneo para a expoñer a mostra 'A distancia que nos une' en Nova York. A Xunta de Galicia financiará esta acción con 180.000 euros, que serán achegados a partes iguais pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e Turismo de Galicia. O custe total da actuación ascende a 255.394,35 euros.

Manolo Paz é un dos escultores máis singulares da escena artística. A exposición que presentará en Nova York inclúe dez das súas esculturas máis icónicas e rende homenaxe ao mesmo tempo aos anos formativos do artista vivindo e traballando na cidade. En Park Avenue expoñerá a súa peza de pedra 'Catedrais', unha escultura elaborada en pedra cuarcita, que vincula simbolicamente cos rañaceos de Nova York, a miúdo considerados as catedrais contemporáneas da era actual.

Xunto a estas, exhibiranse catro das súas esculturas metálicas: unha versión vermella de 'Transparencias' e tres esculturas da súa serie NASA en branco, azul e vermello, facendo referencia á bandeira dos Estados Unidos. Estas esculturas son complexos crebacabezas tridimensionais dunha malla metálica, unha estrutura que evoca o trazado en cuadrícula das rúas e edificios de Nova York.

A obra de Manolo Paz busca transformar a materia inerte en obras de arte, traballando con materiais industriais como o formigón ou o metal, alternando o seu protagonismo na súa produción con elementos naturais como o granito ou a madeira.

As súas obras forman parte das paisaxes urbanas de Galicia, Xapón, Bruxelas ou Stuttgart. Na comunidade galega, a súa obra 'Familia de Menhires' ou "Menhires pola Paz`' lucen fronte á Torre de Hércules, na Coruña. Ten exposto en cidades como Santiago de Compostela, Madrid ou Málaga. As súas esculturas forman parte de coleccións como AENA, o Centro Galego de Arte Contemporánea, ou a Fundación Pilar e Joan Miró en Palma de Mallorca.

A exposición que agora se instalará en Nova York xa se puido contemplar nun dos paseos máis emblemáticos de Madrid, o eixo formado polo Paseo do Prado e o Paseo de Recoletos, ocupando espazos como a Praza de Cibeles ou os xardíns do Museo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Thyssen-Bornemisza, con motivo da designación da área coñecida como "Paisaxe da Luz" como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Deste xeito, o Goberno galego impulsa actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega programando actuacións de recuperación da cultura galega e que tamén contribúan á promoción turística de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZARÁ CON 27 M€ O LABOR DOS 138 CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO PARA AVANZAR NA INSERCIÓN LABORAL DE ARREDOR DE 6.600 PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- O consello da Xunta deu luz verde á nova convocatoria que se publicará nas vindeiras semanas e que incorpora melloras relevantes na simplificación administrativa e na axilización do procedemento, orientadas a facilitar a tramitación das axudas
- Do total do orzamento, 24,4 M€ irán destinados ao mantemento do custo salarial das persoas traballadoras con discapacidade destes centros, cunha intensidade de axuda de entre o 50 % e o 65 % do SMI
- Ademais, resérvanse 1,6 M€ para a contratación de arredor de 145 profesionais das unidades de apoio, que ofrecerán acompañamento especializado a preto de 900 persoas discapacitadas con maiores dificultades de inserción laboral
- O indicativo prevé tamén axudas para a creación de novos postos de traballo indefinidos mediante incentivos que poden acadar ata 25.000 euros, con especial atención a colectivos prioritarios e a centros de traballo situados no rural
- A orde inclúe así mesmo liñas para adaptar postos, eliminar barreiras e financiar asistencia técnica, consolidando así o compromiso da Xunta cun emprego inclusivo e de calidade, no marco da Estratexia galega da economía social Horizonte 2027

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para impulsar a inserción laboral das persoas con discapacidade en Galicia, cun orzamento inicial de máis de 27 M€. A medida permitirá apoiar a actividade dos 138 centros especiais de emprego (CEE) inscritos no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia e contribuír ao mantemento de arredor de 6.600 postos de traballo, ademais de reforzar a atención e acompañamento ás persoas con maiores dificultades mediante a contratación de arredor de 145 profesionais que desenvolven o seu labor nas unidades de apoio.

A iniciativa, enmarcada na Estratexia galega da economía social Horizonte 2027, consolida a aposta da Xunta por un emprego inclusivo, estable e de calidade, ao tempo que incorpora melloras relevantes na simplificación e axilización administrativa do procedemento, orientadas a facilitar a tramitación das axudas. Na convocatoria anterior xa quedou de manifesto a elevada demanda deste programa, que deu lugar ao esgotamento do crédito inicial e á súa posterior ampliación en máis de 4,2 M€, reforzando o respaldo da Xunta a estas entidades como pezas clave na integración laboral das persoas con discapacidade, contribuíndo á súa inclusión social e á mellora da súa autonomía persoal.

Tres programas de apoio

A orde, que se publicará nas vindeiras semanas, recolle tres programas de apoio específicos e tramitarase mediante procedemento de concorrencia non competitiva, cun

período subvencionable do 1 de outubro de 2025 ao 30 de setembro de 2026. O Programa I, cun orzamento de preto de 1,6 M€, está dirixido a financiar os custos salariais e de Seguridade Social da contratación indefinida do persoal das unidades de apoio dos centros especiais de emprego. Estes profesionais prestan acompañamento ás persoas con discapacidade con especiais dificultades de inserción laboral. Estímase que estas axudas beneficien arredor de 145 profesionais, que atenderán preto de 900 persoas con discapacidade psíquica igual ou superior ao 33 % ou con discapacidade física ou sensorial igual ou superior ao 65 %.

O Programa II, dotado con máis de 1 M€, ten como finalidade impulsar a creación de emprego estable e reforzar as condicións laborais nos centros especiais de emprego. Para iso, prevé incentivos á contratación indefinida vinculados á realización de investimentos en activo fixo –como o acondicionamento de locais, a adquisición de maquinaria ou equipamentos informáticos– cunha contía base de 10.000 euros por cada posto creado a xornada completa, que poderá incrementarse ata un máximo de 25.000 euros cando a contratación se dirixa a colectivos prioritarios –como mulleres, persoas en risco de exclusión ou emigrantes retornados– ou cando o centro estea situado no medio rural. Ademais, inclúe apoios específicos para a adaptación de postos de traballo e a eliminación de barreiras arquitectónicas, cun límite de 1.800 euros por posto, así como axudas de asistencia técnica destinadas a apoiar a creación, o mantemento ou a mellora da xestión dos centros, cun máximo de 15.000 euros por entidade.

Pola súa banda, o Programa III é o de maior alcance económico, cunha dotación de 24,4 M€, e está dirixido ao mantemento do custo salarial das persoas traballadoras con discapacidade nos centros especiais de emprego. A intensidade das axudas situarase entre o 50 % e o 65 % do salario mínimo interprofesional, cun límite máximo de 2,9 M€ por centro solicitante e coa posibilidade de recibir anticipos do 100 % da contía concedida, garantindo así unha maior estabilidade financeira para estas entidades.

Pulo á economía social

A iniciativa aprobada hoxe inscríbese na aposta do Executivo autonómico polo impulso da economía social, un ámbito ao que este ano se destinan case 45 M€. Entre as liñas de apoio destacan tamén as dirixidas ás empresas de inserción laboral, cun investimento de 1,5 M€ para facilitar emprego a arredor de 170 persoas en risco ou situación de exclusión social. Ademais, resérvanse máis de 10,6 M€ para programas orientados a promover a creación e consolidación de empresas e emprego na economía social, entre eles Aprol Economía Social e o Bono Consolida, ambos actualmente con prazo aberto.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ CASE 190.000 € NA SINALIZACIÓN DAS 53 ETAPAS DO CAMIÑO DO LITORAL DE GALICIA, QUE SE PODERÁ PERCORRER A PARTIR DESTE MESMO VERÁN

- O Consello foi informado esta mañá da recente licitación dos traballos para a execución da instalación de arredor de 250 carteis e sinais ao longo do trazado
- Para garantir o menor impacto visual e paisaxístico posible, os distintos elementos irán acompañados de códigos QR con información completa de cada tramo e ademais utilizaranse materiais reciclados, resistentes e respectuosos co medio
- O obxectivo é dotar dunha imaxe uniforme e recoñecible este itinerario de máis de 1.300 km que percorrerá a costa desde Ribadeo ata Tui, garantindo unha orientación clara e facendo que cada tramo sexa identificable e atractivo para os usuarios

A Xunta comezará este verán cos traballos de instalación da sinalización deseñada para identificar de forma clara e homoxénea as distintas etapas do Camiño do litoral de Galicia, unha ruta que vertebrará de norte a sur a costa máis extensa de todo o país ao longo dun trazado de máis de 1.300 quilómetros divididos en 53 etapas e que se poderá percorrer tanto a pé como en bicicleta.

Cun investimento previsto de 188.500 euros e un prazo de execución de dous meses, o Consello foi informado hoxe da licitación desta actuación, enmarcada na fase final dos traballos impulsados pola Xunta hai aproximadamente un ano co fin de habilitar unha gran senda continua pola costa galega.

O prazo de presentación de ofertas para optar a este contrato, licitado hai uns días, finalizará o próximo 13 de abril. Deste xeito, a previsión da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é que en xuño se adxudique e a continuación dean comezo os traballos de sinalización sobre o terreo, polo que a ruta se poderá xa transitar a partir deste mesmo verán.

O trazado costeiro definido entre Ribadeo e Tui combina tramos de carácter natural, áreas periurbanas e sectores con convivencia puntual co tráfico rodado. Esta diversidade fai necesaria unha sinalización clara, coherente, uniforme e adaptada ás distintas realidades do percorrido, garantindo en todo momento a seguridade e a orientación das persoas usuarias.

En total, a actuación prevista inclúe a instalación de case 250 elementos entre balizas pequenas (140), sinais informativas en tramos que requiran especial atención para reforzar a seguridade (5), placas direccionais (25) e paneis informativos grandes en cada un dos 79 concellos costeiros polos que discorre o trazado.

Toda esta sinalización, en todo caso, busca ter o menor impacto paisaxístico posible. De feito, os distintos elementos propostos inclúen códigos QR que permitirán acceder ao

trazado e a información máis ampla sobre cada unha das etapas, combinando tecnoloxía e funcionalidade sen saturar o percorrido con estruturas físicas con impacto visual.

Ademais, os materiais empregados serán reciclados e respectuosos co medio ambiente e cun deseño concibido para resistir as condicións ambientais do litoral galego.

Cómpre lembrar que o punto de partida do Camiño do litoral de Galicia foi un convenio asinado en 2025 entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Galicia Sustentable, que realizou a proposta inicial do trazado desta rede de sendas que constitúen o Camiño do litoral, dando prioridade á unificación de camiños e infraestruturas xa existentes para evitar afeccións de importancia e minimizando tanto o impacto ambiental como o paisaxístico, e que contou co apoio de administracións locais, entidades sociais e mesmo coa implicación de propietarios de terreos privados.

A partir desa base, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático analizou o trazado coa actuación *Roteiro pola senda*, que consistiu nun exhaustivo traballo de campo ao longo de todo o percorrido —realizado entre agosto e outubro do ano pasado— que permitiu identificar necesidades e posibles melloras no percorrido.

De feito, desa análise despréndese que preto do 90 % do itinerario non require de intervencións significativas ao coincidir con rutas xa consolidadas ou infraestruturas existentes como camiños tradicionais, zonas urbanas, pistas asfaltadas, estradas con beirarrúas ou pasarelas de madeira en ámbitos de praia.

Pola contra, no 10 % restante do trazado requírese a execución de actuacións co fin de poñer en valor o percorrido, realizar traballos de limpeza ou roza ou mellorar as condicións de seguridade ou de continuidade da senda.

Proceso moi participado

Ademais, co obxectivo de implicar no proxecto ao conxunto da cidadanía —entidades locais, organizacións e á sociedade en xeral—, a finais de xaneiro mantivéronse unha serie de reunións cos concellos costeiros afectados para presentarlles de primeira man o trazado, coordinar a súa implantación nos seus respectivos territorios e recoller achegas que asegurasen a coherencia territorial e a integración local.

A maiores, a proposta de itinerario inicial someteuse a consulta pública entre o 10 de febreiro e o 10 de marzo de cara a acadar o máximo consenso posible na definición desta iniciativa vertebradora. No marco deste procedemento, recolléronse 16 achegas formuladas por varios concellos, outras administracións, particulares e asociacións.

Entre as aportacións recibidas cómpre sinalar as relacionadas con trazados alternativos, posibles incorporacións de vías históricas e tradicionais, cambios nalgunhas das etapas para reaxustar comezos e finais, adaptación do percorrido para facelo máis accesible,

propostas de inclusión de novos elementos patrimoniais ao longo do itinerario ou melloras de seguridade en puntos concretos.

Actuación estratéxica da Lei do litoral
O Camiño do litoral pretende enlazar espazos de elevado valor paisaxístico con núcleos habitados, funcionando como un corredor territorial continuo que mantén a maior parte do tempo unha relación visual directa co mar. Con el búscase tamén enxalzar o patrimonio cultural e natural ligado á franxa costeira galega, caracterizada pola súa gran variedade paisaxística e biodiversidade extensa.

O fin último é amosar que o litoral galego está vivo e activo e que conxuga esa protección do patrimonio cultural e ambiental coa actividade económica e social, un dos piares básicos da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga), na que se regula o exercicio pleno das competencias sobre a costa.

De feito, na propia norma recóllese como actuación estratéxica o impulso da creación dunha senda ou rede de sendas ao longo dos espazos terrestres do litoral que favorezan o ocio, o coñecemento e a interpretación da paisaxe costeira, así como a mobilidade peonil segura entre núcleos de poboación. O obxectivo é poñer en valor a riqueza e importancia dos seus 2.555 quilómetros de costa mediante a unificación de tramos diferenciados con características paisaxísticas, morfolóxicas ou patrimoniais propias.

Precisamente, co obxectivo de facilitar o coñecemento da cidadanía da riqueza natural, cultural, etnográfica ou arquitectónica da contorna do Camiño do litoral, a posta en marcha desta senda vai acompañada tamén do deseño dunha aplicación móbil específica.

Prevese que esta App estea lista nos vindeiros meses en versión para Android e iOS e incluirá todas as etapas do itinerario, información sobre os elementos relevantes recollidos no Catálogo de bens de valor cultural do litoral, así como outros datos sobre o patrimonio natural característico da contorna, co obxectivo de ofrecer aos usuarios unha ferramenta integral de consulta e apoio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR MÁIS DE 7 M€ AS OBRAS DE RENOVACIÓN DO FIRME EN OITO ESTRADAS AO SEU PASO SETE CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

- As actuacións licitaranse nas vindeiras semanas en dous lotes distintos, un por área de intervención, tendo como obxectivo mellorar as características funcionais e a seguridade viaria en distintos treitos das vías autonómicas
- Na comarca de Vigo prevense actuacións na estradas de titularidade autonómica: PO-010, PO-330, PO-323, PO-324, PO-325, PO-371 e PO-403, ao seu paso polos concellos de Vigo, Redondela, Nigrán e Salvaterra do Miño
- Proponse intervir no acondicionamento de distintos treitos da estrada PO-533, Lalín-Alto do Faro, no seu percorrido polos municipios de Lalín, Dozón e Rodeiro, na comarca do Deza
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé adxudicar estes contratos no segundo trimestre, para iniciar a execución das obras no verán
- O Goberno galego segue a traballar na mellora das características da rede actual de estradas de titularidade autonómica, supoñendo un menor custo de mantemento a longo prazo e unha mellora da seguridade viaria
- A Xunta acadará de novo o récord histórico en investimento en conservación de estradas da rede autonómica neste 2026, con 71,6 M€

O Consello da Xunta deulle hoxe o seu visto e prace á licitación por máis de 7 M€ ás obras de renovación do firme en oito estradas autonómicas ao seu paso por sete concellos da provincia de Pontevedra.

O obxectivo é mellorar as características funcionais das estradas da titularidade da Xunta e reforzar a seguridade viaria en distintos treitos, para o que a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, as actuacións en dous lotes distintos, un por área de intervención.

Os traballos consistirán na rehabilitación superficial do firme destas estradas, con distintas actuacións, restaurando as características do pavimento, adecuando as súas necesidades funcionais e de durabilidade.

O Executivo autonómico deu así luz verde á distintas actuación de acondicionamento de firme nas estradas PO-010, PO-330, PO-323, PO-324, PO-325, PO-371 e PO-403, ao seu paso polos concellos de Vigo, Redondela, Nigrán e Salvaterra do Miño.

Os traballos previstos nestas estradas da comarca de Vigo incluirán obras en preto de 14,7 quilómetros de lonxitude, e serán licitadas por un importe de máis de 3,4 M€ (3.435.988,95 €). O prazo previsto de execución destas obras é de dezaoito meses.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As outras intervencións de mellora do firme a licitar se centrarán no reforzo de firme localizado e acondicionamento de distintos treitos da estrada PO-533, Lalín-Alto do Faro, no seu percorrido polos concellos de Lalín, Dozón e Rodeiro.

As actuacións obxecto de contratación na PO-533, ao seu paso pola comarca do Deza, baséanse, polo tanto, na mellora do firme ao longo de algo máis de 19 quilómetros de lonxitude, realizando accións puntuais localizadas. Ademais, acondicionaranse as vías de servizo onde sexa necesario. O prazo previsto de execución destas obras é de oito meses e as obras licitaranse por un orzamento superior aos 3,6 M€ (3.623.316,43 €).

En total, os treitos das oito estradas de titularidade da Xunta obxecto deste novo contrato de acondicionamento do firme, roldan os 34 quilómetros de lonxitude.

En todas as actuacións recollidas nestes proxectos non son necesarias as expropiacións de terreos, xa que están incluídas dentro da franxa de dominio público de titularidade da Xunta.

O Goberno galego segue a traballar e a apostar tamén pola mellora das características da rede actual de estradas de titularidade autonómica, supoñendo un menor custo de mantemento a longo prazo e unha mellora da seguridade viaria.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé adxudicar estes contratos no segundo trimestre, para iniciar a execución no verán.

A Xunta acada de novo o récord histórico en investimento en conservación de estradas da rede autonómica neste 2026, con 71,6 M€.

Plano de situación das estradas de titularidade da Xunta nas que se intervirá:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mapa das vías autonómicas da comarca de Vigo obxecto das obras autorizadas hoxe:

PLANO DE SITUACIÓN


SITUACIÓN PO-37
PO-324
PO-010
PO-330
PO-395
PO-403
Vigo
Mos
O Porriño
Nigrán
Baiona
Gondomar
Salceda de Caselas
Mondariz
Mondariz Balneario
Ponteareas
Fornelos de Montes
Pazos de Borbén
Redondela
Moaña
Cangas
Butiu
Bouzas
Coia
Teis
Chapela
Ribadetea
Canido
Vincios
O Rosal
Oia
Tui
Guillarei
Arcade
Alcabre
Saiar
Ribeira
Ramallosa
Sanxenxo
Meaño
Cesantes
Cabral
Lavadores
Castrelos
Navia
Bouzas
Coruña
Vigo-Vaiamonte
Monte Alto

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DIAGNOSTICA 2 DE CADA 3 CANCROS DE COLON EN FASES PRECOCES, O QUE PERMITE TRATAMENTOS MÁIS EFICACES E MAIOR SUPERVIVENCIA

- O informe de resultados do programa galego de detección precoz de cancro colorrectal indica que se detectaron máis de 2.900 cancros invasivos e se identificaron máis de 26.000 persoas con lesións premalignas de 2013 a 2024
- O envío de kits de autotoma ao domicilio incrementa a participación no cribado, que supera o 56 % e se sitúa por riba da media nacional
- O test de sangue oculto en feces ofrécese cada dous anos desde os 50 aos 69 anos
- A detección de lesións precursoras que poden retirarse durante unha colonospia evita a evolución a cancro
- O cancro colorrectal é o tumor máis frecuente e o segundo en mortalidade
- A Xunta avanza na medicina personalizada e inclúe no proxecto Xenoma Galicia a identificación da Síndrome de Lynch asociada, entre outros, ao cancro de colon

A Xunta diagnostica dous de cada tres cancros de colon en fases precoces, segundo conclúe o informe de situación e resultados 2013-2024 do programa galego de detección precoz do cancro colorrectal da Consellería de Sanidade. Este diagnóstico temperá permite aplicar tratamentos máis eficaces e maior supervivencia.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe, día previo á conmemoración do *Día mundial contra o cancro de colon*, un informe no que se detalla que o 65,81 % dos cancros detectados se atopaban en estadios I e II, tras máis dunha década de cribado.

Neste período, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, remitiu 2,5 millóns de invitacións a participar no cribado, destinado a persoas de 50 a 69 anos. Realizáronse 98.000 colonoscopias, das cales 66.000 foron tras un resultado positivo no test de cribado e o resto, de seguimento tras extirpación de lesións precursoras nunha desas colonoscopias.

Desde o ano 2022, a Consellería de Sanidade remite un kit de autotoma aos domicilios de toda a poboación á que se dirixe o cribado. O test de sangue oculta en feces é unha proba non invasiva que só precisa da recollida dunha mostra na casa e a súa entrega posterior no centro de saúde.

Se o resultado é negativo, enviarase de novo o kit de autotoma aos dous anos, sen necesidade de ter que solicitalo.

O test de sangue oculto en feces resultou positivo no 5,58 % das probas realizadas. Nese caso, debería realizarse unha colonoscopia que, cunha única proba, permite diagnosticar e retirar lesións como pólipos ou adenomas. Desta forma, ademais de detectar cancros, evítase que lesións premalignas evolucionen na enfermidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde o inicio do programa de cribado identificáronse máis de 26.000 lesións que requiren seguimento ou tratamento e 2.933 cancros invasivos, a maioría en fases iniciais con mellor prognóstico.

A decisión da Xunta de aumentar a proactividade do cribado co envío dos kits á casa, sen necesidade de aceptar previamente unha invitación, supuxo un incremento na participación. A participación global de 2013 a 2024 foi do 49,2 %, mentres que no último ano analizado mantivo unha tendencia ascendente ata alcanzar o 56,5 %. Reflíctese no informe a participación superior das mulleres (sete puntos porcentuais por enriba dos homes), especialmente na primeira rolda de cribado.

A Xunta fai un chamamento á participación masculina no cribado, xa que os homes teñen un maior risco de padecer cancro colorrectal, polo que o seu potencial beneficio no cribado é maior.

Para previr a enfermidade, é fundamental manter hábitos de vida saudables. Unha dieta atlántica rica en produtos frescos, peixe, verduras e alimentos de proximidade, xunto con actividade física, reduce o risco de desenvolver cancro.

Detección precoz personalizada
O cancro colorrectal é o tumor máis frecuente en homes e mulleres e a segunda causa de morte por cancro en Galicia. En concreto, no ano 2023 causou 1.098 defuncións.

A Xunta, ademais deste cribado poboación, inclúe no proxecto Xenoma Galicia a identificación de variantes xenéticas de alto risco para a Síndrome de Lynch asociada, entre outros, ao desenvolvemento do cancro de colon.

Este ambicioso proxecto de investigación xenómica da Xunta tamén detecta o risco de padecer cancro de mama e ovario hereditario entre as persoas participantes, desde os 35 anos. No referente ao cancro de mama, Galicia lidera unha investigación a nivel nacional, o modelo Mamorisk, que pretende validar un sistema de clasificación en función do risco que podería permitir un cribado personalizado e non só en base ao criterio de idade en cada muller.

Ademais, a Xunta está a desenvolver dous proxectos pilotos de cribados de cancro para valorar a súa posible implantación en toda Galicia. Por unha banda, o de pulmón, en fase piloto nas sete áreas sanitarias, e pola outra, o de próstata, na área de Ferrol. No caso da súa validación en función da evidencia científica, e sempre que o análise da súa factibilidade así o aconselle, uniríanse aos tres cribados consolidados de cérvix, de cancro de mama e de colon.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

UNHAS 140 PERSOAS GALEGAS MOZAS DO EXTERIOR PODERÁN CONECTAR COA CULTURA E O TERRITORIO DE GALICIA GRAZAS ÁS NOVAS CONVOCATORIAS DE DOUS PROGRAMAS DA XUNTA

- O Consello coñeceu hoxe as edicións de 2026 de Conecta con Galicia no Camiño e Conecta co Voluntariado en Galicia, cos que fomenta un maior coñecemento do seu territorio con actividades recreativas, medioambientais e culturais durante o verán
- Conecta con Galicia no Camiño destínase a mozos e mozas galegos de entre 18 e 21 anos residentes no exterior e consiste na realización dun tramo a pé de 100 km do Camiño de Santiago e doutras actividades complementarias
- Conecta co Voluntariado en Galicia diríxese a persoas de entre os 21 e os 30 anos e busca reforzar os vínculos da mocidade galega no exterior a través da participación en actividades culturais e medioambientais
- Nos anos 2024 e 2025 beneficiáronse destas iniciativas preto de 190 mozas e mozos de Arxentina, Brasil, Cuba, Uruguai, Venezuela e outros países do resto de América

O Consello da Xunta coñeceu hoxe as convocatorias de 2026 dos programas Conecta con Galicia no Camiño e Conecta co Voluntariado en Galicia grazas ás que unhas 140 persoas galegas mozas residentes no exterior poderán fortalecer os vínculos coa comunidade galega a través de estadías de máis de 10 días durante o verán. Ambas iniciativas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración contan coa colaboración da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e as edicións deste ano publicaranse esta semana no *Diario Oficial de Galicia*.

Con estes programas, o Goberno galego promove o enriquecemento persoal dos participantes mediante a convivencia con outras mozas e mozos de idades e intereses similares e a participación en actividades recreativas, deportivas, medioambientais e culturais. Tamén fomenta un maior coñecemento do territorio e da súa situación sociocultural actual. Deste xeito, a mocidade galega residente no exterior reforza os seus lazos con Galicia e cos seus familiares que vivan na comunidade galega.

Con ese fin, en ambos casos a Xunta de Galicia asume a organización da viaxe, os traslados dos participantes e o custo dos billetes de avión. Tamén cubre os desprazamentos terrestres, o aloxamento e a manutención en Galicia. Entre os requisitos que se exixen están ter nacido en Galicia ou ser descendentes de persoas emigrantes galegas, posuír nacionalidade española e estar vinculadas a un concello galego a través do Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro (PERE) cunha antigüidade mínima de tres meses contados desde o día da publicación da convocatoria no DOG.

Conecta con Galicia no Camiño
En concreto, Conecta con Galicia no Camiño destínase a mozos e mozas galegos de entre 18 e 21 anos residentes no exterior e ofértanse 100 prazas. O programa

desenvolverase entre os días 20 e 31 de xullo de 2026 e consiste na realización dun tramo a pé de 100 km do Camiño de Santiago e doutras actividades complementarias. Durante a estadía as mozas e mozos residirán na residencia xuvenil Altamar, situada en Vigo, ou na residencia xuvenil Florentino López Cuevillas, situada en Ourense, ambas instalacións dependentes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. En función de cal sexa o lugar do aloxamento —Vigo ou Ourense—, os participantes realizarán un tramo do Camiño Portugués ou da Vía da Prata ata Compostela.

Conecta co Voluntariado en Galicia

Pola súa banda, Conecta co Voluntariado en Galicia diríxese a persoas de entre os 21 e os 30 anos e ten como obxectivo reforzar os vínculos da mocidade galega no exterior a través da participación en actividades culturais e medioambientais. Neste caso, ofértanse 40 prazas e, a maiores, outras 10 para mozos e mozas que viven en Galicia, co fin de favorecer a convivencia, o intercambio de experiencias e a creación de redes entre ambas realidades. Das prazas para a mocidade exterior, 20 serán para o campo de voluntariado ambiental, que se desenvolverá entre o 23 de xullo ao 3 de agosto e consistirá en realizar tarefas de adecuación do espazo ambiental mariño e costeiro na ría de Arousa. As outras 20 prazas serán para o campo de voluntariado cultural, que terá lugar entre o 26 de agosto ao 6 de setembro.

Participación nas últimas edicións

Nos anos 2024 e 2025 beneficiáronse de ambos programas autonómicos preto de 190 mozas e mozos —135 de Conecta con Galicia no Camiño e 53 de Conecta co Voluntariado en Galicia— de Arxentina, Brasil, Cuba, Uruguai, Venezuela e outros países do resto de América. Ao longo dos anos o número de beneficiarios foi en incremento, tal e como reflicten os datos destes dous últimos anos, pois no 2024 participaron nestas iniciativas un total de preto de 70 persoas mozas e no 2025 preto de 120.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA RECIBIRÁ PRETO DE 1,5 M€ ADICIONAIS POLA SÚA BOA EXECUCIÓN DOS FONDOS PEPAC PARA O RURAL

- Así se recolle no informe elevado hoxe ao Consello da Xunta, no que se avalía o mecanismo de boa execución do PEPAC, que é a primeira vez que se activa
- Este investimento vén da aplicación da regra N+2 establecidas pola Comisión Europea, segundo a cal os importes comprometidos nun exercicio orzamentario deben executarse antes do 31 de decembro do ano seguinte
- A data do 31 de decembro e debido á boa execución dos organismos pagadores, existe unha sobreexecución estatal de case 163 millóns de euros, pero 17,8 millóns non están executados, polo que se distribuirán entre as comunidades autónomas cumpridoras, entre elas Galicia

Galicia recibirá 1.490.509 euros adicionais pola súa boa execución dos fondos procedentes do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC), procedentes da Unión Europea. Así se recolle no informe elevado hoxe ao Consello da Xunta, no que se avalía o mecanismo de boa execución do PEPAC, que é a primeira vez que se activa.

Este investimento vén da aplicación da regra N+2 establecida pola Comisión Europea, segundo a cal os importes comprometidos nun exercicio orzamentario deben executarse antes do 31 de decembro do segundo ano seguinte. En caso contrario, os fondos son liberados automaticamente. No ámbito nacional, as desviacións na execución entre comunidades autónomas poden compensarse entre si, de xeito que as sobreexecucións nunhas rexións contribúan a equilibrar as infraexecucións noutras, facilitando así o cumprimento desta norma.

Neste contexto, é o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o encargado de efectuar a reasignación dos compromisos liberados entre as comunidades autónomas cun mellor nivel de execución. Polo tanto, a data do 31 de decembro de 2025, e debido á boa execución dos organismos pagadores que executaron por riba do 100 % da súa anualidade, existe unha sobreexecución estatal de case 163 millóns de euros, que permitiron evitar o descompromiso para España duns 32 millóns daqueles organismos pagadores cuxa execución estivo por debaixo do 100 %.

Pero ao mesmo tempo, cómpre distribuír entre as comunidades autónomas que executaron por enriba do 100 % o os fondos non executados, que ascenden a 17,8 millóns de euros. Así, a Galicia correspóndenlle preto de 1,5 millóns de euros, en base ao seu nivel de sobreexecución do 17,61 %. Polo tanto, a nosa é a sexta comunidade autónoma que máis recibe, dentro das 14 perceptoras.

Importancia do PEPAC
As axudas da PAC son esenciais para o mantemento da actividade agrícola e gandeira, a rendibilidade económica das explotacións e o mantemento de poboación no medio rural. O obxectivo final destas axudas é manter o sector agrícola europeo, de xeito que se compensa ás persoas que traballan no agro polos servizos ambientais que proporcionan,

a calidade das súas producións e as esixencias lexislativas de máximo nivel impostas pola UE a prol da sustentabilidade.

Neste contexto, en relación coa PAC a partir do 2028, o Goberno autonómico reitera o rexeitamento de Galicia á proposta da Comisión para a futura PAC, que implica un recorte de fondos dun 22 %, o que se traduce nuns 80 millóns de euros anuais menos para o agro galego. Ademais, suporía a perda da actual arquitectura, que inclúe as achegas directas e os fondos destinados ao desenvolvemento rural.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA TRAMITA POR EMERXENCIA A OBRA DE ABRIGO DO PORTO DE BARALLOBRE, EN FENE, CUN INVESTIMENTO DE 890.000 EUROS

A Consellería do Mar deu conta ao Consello da urxencia da actuación para reparar os graves danos producidos polos temporais na barreira de protección dos atraques

Portos de Galicia, está a tramitar por procedemento de emerxencia as obras de reposición do abrigo de Barallobre, no municipio coruñés de Fene, cun importe previsto de 890.000 euros. A Consellería do Mar deu conta hoxe ao Consello da Xunta da urxencia desta actuación para reparar os graves danos producidos polos temporais deste inverno na barreira de protección dos atraques.

Como consecuencia do tren de borrascas dos pasados meses producíronse graves danos na actual estrutura de abrigo do porto, que protexe os 110 amarres mixtos para pesca e náutica recreativa cos que conta o peirao de Barallobre. Concretamente, o temporal Ingrid do 23 de xaneiro provocou a rotura inicial de varios módulos e o paso de posteriores borrascas impediron a súa reparación provocando un efecto dominó nas zonas estremeiras que deixou á deriva no mar partes da barreira. Como consecuencia da falta de abrigo rexistráronse a continuación danos de diversa consideración nas instalacións de amarre.

Para evitar o colapso total da barreira de abrigo Portos de Galicia executará con carácter urxente as obras de reposición do abrigo co obxecto de minimizar os riscos para a seguridade das persoas, a frota e o propio servizo público portuario. A actuación consiste na inspección exhaustiva do total da infraestrutura, a reparación da zona de atracada e o reforzo do abrigo cun dique flotante con elementos de formigón para maior resistencia e garantía a longo prazo. O prazo de execución previsto para estas obras é de catro meses.